

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 53

ano 9

xullo-agosto 2014

250 aniversario do Padre Feijoo (III) **O CERTAME LITERARIO DE 1876**


O poder das imaxes na configuración do imaxinario colectivo ao longo da historia é indiscutible. Na segunda metade do século XIX, nun tempo no que a fotografía aínda era unha técnica de reprodución incipiente, o **gravado tipográfico** permitía retratar e difundir con amplitude os diversos actos públicos, polo que era frecuente a súa inclusión nas denominadas revistas ilustradas. *La Ilustración Española y Americana* foi un exemplo paradigmático dese tipo de publicación. Foi fundada polo gaditano Abelardo de Carlos y Almansa (1822-1884). O primeiro número apareceu en 1869.

A revista caracterizábase por difundir uns contidos propios das **revistas ilustradas** (“ciencias, artes, literatura, industria y conocimientos útiles”). A publicación destacaba pola presenza de plumas de renome entre os seus colaboradores (p.e. José Zorrilla, Leopoldo Alas Clarín, Emilio Castelar e Miguel de Unamuno). Un elemento esencial foi a inclusión de gravados que retrataban a época con gran mestría artística. O 30 de outubro de 1876 publicábase o número XL, que incluía o gravado que encabeza *Fron da*, relativo á “Celebración del segundo centenario [do nacemento] del Padre Feijoo, en Orense”, obra do pintor madrileño **Federico Guisasaola y Lasala**, discípulo de Federico Madrazo e correspondente artístico da revista en Galicia. Trátase dunha estampa cun mosaico de imaxes que retrataban os “Festejos celebrados en honor y memoria del insigne autor del «Teatro Crítico», del 8 del actual”.

O gravado articulábase en forma de composición. Nela quedaban representados distintos aspectos dos **festejos** celebrados na “ilustrísima ciudad de Orense” entre o 7 e o 9 daquel mes, xunto con elementos directamente relacionados co sabio bieito. Coroaba o conxunto o escudo da cidade, xunto cunha representación das principais **obras** do ilustrado: o *Teatro Crítico* e as *Cartas eruditas*, situadas a carón dun tinteiro cunhas plumas, e rodeadas por ramas de loureiro que simbolizaban a gloria literaria. Baixo estes elementos estaba representada, nunha posición central, a **máscara mortuoria** do P. Feijoo, que foi realizada por Bernardo de la Meana, escultor, arquitecto e mestre maior na Catedral de Oviedo no momento do pasamento do monxe de Casdemiro.

A máscara sitúase sobre a recreación dunha **cela monástica** baleira e austera, que contrasta co bulicio dos

distintos actos dos festexos que conformaban o resto da composición (o quiosco instalado na praza de Isabel a Católica para colocar a primeira pedra do futuro monumento inaugurado en 1887, o certame literario no Teatro...). É interesante salientar a alusión a **El Heraldo Gallego** (1874-1880) que hai na bandeira do balcón situado na franxa media do gravado, pois foi o xornal rexionalista ourensán desde o que se deu maior pulo aos actos de vindicación cívica da figura do sabio ilustrado.



GUISASOLA Y LASALA, Federico de
Orense. Festejos celebrados en honor y memoria del insigne autor del “Teatro Crítico”, del 8 del actual /
Composición y dibujo de D. F. Guisasaola. – [Madrid, 1876].
1 estampa : gravado xilográfico acuatelado a man; pegada da plancha 32,3 x 21,6 cm., en h. de 34,4 x 23,4 cm.
Publicado en: *La Ilustración Española y Americana*, Año 20, nº XL (1876/10/30), p. 260.
AHPOu, Colección de impresos, Carp. XXIX.

“Gloria al Padre Feijoo”: o certame literario de 1876 en Ourense

No contexto de creación das identidades colectivas burguesas da sociedade liberal decimonónica emerxe o **sentimento galeguista**, a reivindicación dunha historia e dunha realidade cultural propia e diferenciada en relación co resto dos pobos. Nese proceso de construción identitaria xoga un papel esencial a recuperación das fillas e dos fillos preclaros, mediante a rememoración e difusión do seu legado. Este contexto explica a recuperación da figura do P. Feijoo en clave rexionalista.

Lonxe quedaba xa a laudatoria apreciación do ilustrado **Sempere y Guarinos**, que na década de 1780 “canonizou” o “Padre Maestro” como o gran espírito da renovación do pensamento hispano. Despois a obra adormeceu nos andeis de centos de bibliotecas, por distintas causas.

Habería que agardar ao ano 1842 para que desde a vangarda do **provincialismo** fose rescatada a figura do Padre Maestro. Sería Antolín Faraldo quen desde as follas de *El Recreo compostelano* afirmara que “Galicia, rica en todo, tiene una historia literaria que también cuenta sus filósofos; decimos sus filósofos, porque el mayor sabio español del siglo 18 ha sido gallego. El P. Fr. Benito Jerónimo Feijoo, nacido en 8 de octubre de 1676 en Casdemiro, pequeña aldea de la provincia de Orense, es nuestra mayor gloria literaria (...)”.

Na recuperación da obra do P. Feijoo ía desempeñar un papel principal a **cidade de Ourense**, onde o desexo de que “el sabio crítico de Casdemiro tuviera en su país un monumento digno de su recuerdo” aniñou nun grupo selecto da intelectualidade e dos poderes fácticos.


No último trimestre de 1875 o semanario de liña rexionalista *El Heraldo Gallego*, que dirixía Valentín **Lamas Carvajal**, fixo público o “propósito de solemnizar dignamente, en el año próximo, el segundo centenario del Natalicio de tan insigne gallego”. Entre os impulsores da iniciativa estaba o claustro do Instituto e distintos persoeiros. Estes constituíron unha Comisión que ante a “escasez de recursos” para erixir un “monumento público” decidiu convocar un *Certamen literario en honor del P.M. Fr. Benito Jerónimo Feijoo*.

O Estudio crítico das obras do P. Feijoo

O desenvolvemento do certame foi complexo e tivo numerosas vicisitudes. Finalmente, foron premiados a coruñesa Emilia **Pardo Bazán**, pola mellor oda en castelán, e Valentín **Lamas Carvajal** pola mellor poesía en galego. O premio á mellor biografía quedou deserto. E o máis importante, o *Estudio crítico de las obras del R. P. M. Fr. Benito Jerónimo Feijoo*, tampouco se outorgou.

O *Estudio crítico* suscitou numerosas deliberacións e discrepancias entre os membros do xurado segundo fosen da ideoloxía liberal ou da antiliberal. A falta de consenso do Xurado levou á Comisión a solicitar ao Claustro da Universidade de Oviedo que dirimise un empate entre as obras presentadas. Un dos autores, o

madrileño Miguel **Morayta Sagrario**, retirouse considerando que non tiña que someterse a ese anómalo procedemento; décadas despois aproveitou aquel traballo para publicar *El Padre Feijoo y sus obras* (Valencia, 1912).



A Galizea n'o séjundo cêntoaáo d'o nascêmento de Feixoo, poema presentado ao Certame literario de 1876.

Finalmente quedaron dúas obras. Unha da autoría da ferrolá **Concepción Arenal**, daquela na madurez intelectual. E outra dunha máis moza e pouco coñecida Emilia **Pardo Bazán**, que escribira para o certame a súa primeira obra en prosa de importancia. Por proposta do claustro ovetense, esta última foi galardoadada pola comisión cun **accésit**. A obra de Pardo Bazán foi a máis moderada das dúas; unha glorificación do P. Feijoo dotada de beleza literaria. Mentres que Concepción Arenal aproveitou o certame para realizar unha dura crítica á monarquía, á Igrexa e á sociedade inmovilista dos tempos do P. Feijoo.

A importancia do certame literario radica no feito de que tras el a figura do P. Feijoo pasou a ser un referente constante de estudo nos eidos da cultura académica española e converteuse nun exemplo de excelcitude intelectual para a cidadanía a través das diversas homenaxes públicas que se lle fixeron con posterioridade, tanto en Ourense coma noutras localidades.